



RESOLUCIÓN DA COMISIÓN DA TRANSPARENCIA DA RECLAMACIÓN PRESENTADA AO AMPARO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL 5ª DA LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] mediante escrito do 18 de abril ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, esta Comisión da Transparencia adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

[REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] presentou unha reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno por entender desatendida, polo Concello de Cedeira, unha solicitude de acceso á información. O citado Consejo remite esta reclamación á Comisión da Transparencia o 21 de abril.

Con data do 18 de maio, vía correo electrónico, a Comisión acusa ao interesado a recepción da reclamación formulada, informándoo do número de expediente que se lle asigna.

Coa mesma data, vía correo electrónico, requírese a administración para que remita o expediente e o informe previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que tivo entrada o 30 de maio co seguinte contido:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: EXPEDICIÓN DE COPIAS DE DOCUMENTOS

O 09.02.2016 (rex entrada 837) [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] presenta un escrito no que solicita poder facer fotocopias do catálogo de postos de traballo do concello de Cedeira que estea en vigor dende o ano 2014.

Considerando o previsto no artigo 105.b) da Constitución Española, que contempla o acceso dos cidadáns os arquivos e rexistros administrativos, desenvolvido polos artigos 35.a), 35.h) e 37 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o previsto no artigo 70.3 da Lei de Bases de Réxime Local, así como na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente, RESOLVO:

Primeiro.- Expedir a [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] copia do Catálogo de Postos de Traballo do concello de Cedeira, aprobado por decreto de Alcaldía núm. 21 de 21.01.2014, coa advertencia de que este acceso non ampara un uso antixurídico ou indebido da información facilitada“.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A disposición adicional 5ª da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece que a resolución das reclamacións previstas no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo.

O artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece que corresponde á Comisión da Transparencia a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno establece que o seu procedemento axustarase ao previsto nos números 2,3,e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, para as reclamacións perante o Consello de Transparencia e Bo Goberno.

RESOLUCIÓN

En atención aos antecedentes e fundamentos xurídicos descritos, procede:

-Arquivar a reclamación presentada por [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED], contra a denegación de información do Concello de Cedeira, que xa foi remitida ao interesado o 30 de marzo polo propio concello, segundo informa este.

Contra este resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2016

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga